

**A/A SECCIÓN DE ENERXÍA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

(Edificio Administrativo Campolongo, Av. María Victoria Moreno, 43, 36071 Pontevedra)

ASUNTO: FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN CON CÓDIGO DE EXPEDIENTE IN407A 2025/146-4. ALEGACIÓNS Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA E AO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DENOMINADO “LAT 66 kV A ESTRADA-PAIZÁS” SITUADO NOS CONCELLOS DE A ESTRADA E SILLEDAS (PONTEVEDRA)

A/O alegante Dona/Don _____ con DNI/NIE número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

En vista do anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) N.º 169 do 07/09/2026 do Acordo do 6 de agosto de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a petición de autorización administrativa dunha instalación eléctrica nos concellos da Estrada e Silleda, na provincia de Pontevedra (expediente IN407A 2025/146-4).

- 1. A LAT proxéctase moi próxima a núcleos de poboación e vivendas illadas do municipio de A Estrada. Incúmpanse as distancias de protección recomendadas polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITERD), co fin de previr afeccións, molestias e riscos ás persoas, que sinalan 200 m para núcleos e 100 m para vivendas illadas.**

O trazado da LAT sitúase a menos de 200 m de delimitacións de solo de núcleo rural (segundo o PXOM de A Estrada) das parroquias de Ouzande (Alemparte – O Formigueiro, Penarada), de Guimarei (A Portela, O Cogoludo – A Portela, A Cruz), do Cereixo (O Mollarrabo), de Rubín (Berbigueira-Pazos, O Barro, O Bede), de Curantes (Cortes), de Agar (O Outeiro, Valiñas) e de Loimil (Loimil de Carballo); e das propias delimitacións de solo urbano e urbanizable da localidade estradense próximas á subestación eléctrica. Ademais, existen 18 vivendas illadas en total localizadas a menos de 100 m (aprox.) e situadas nas parroquias de A Estrada, Ouzande, A Somoza, Guimarei, Cereixo, Rubín, Loimil e Orazo. Poboacións onde residen en total case medio millar de habitantes segundo o último censo do IGE por entidade de poboación.

- 2. A promotora non presenta un estudo de afección sobre a poboación relativa á exposición aos campos electromagnéticos producidos pola LAT obxecto. A promotora valora o impacto como compatible sen argumentar dita avaliación con datos.**

Unha liña eléctrica de alta tensión aérea xera campos electromagnéticos cuxa intensidade depende da corrente da liña, da xeometría e dos condutores que a integran. A promotora debe presentar un estudo específico empregando software para realizar modelizacións e comprobar a ausencia de posibles afeccións. De xeito contrario estaría incumprindo o requirimento da Dirección Xeral de Saúde Pública, entidade con competencias na materia e que será consultada para emitir informe favorable ou desfavorable do proxecto. Tampouco cumpriría co establecido e solicitado polo MITERD para este tipo de proxectos eléctricos.

3. A poboación de Loimil do Carballo (parroquia de Loimil) e vivendas illadas da parroquia de A Somoza atópanse nunha zona susceptible de sufrir efectos sinérxicos e acumulativos como consecuencia da proximidade doutra LAT existente en funcionamento.

A LAT en tramitación cruza a "LAT 220 kV Portodemouros – Tibo" (existente e en funcionamento) en dous puntos: entre os apoios 12-13 e entre os apoios 79-80. No primeiro cruzamento sitúanse vivendas illadas da parroquia de A Somoza, localizadas a menos de 200 m da LAT obxecto e da LAT citada existente. No segundo cruzamento sitúase o núcleo rural de Loimil do Carballo (parroquia de Loimil) localizado tamén a menos de 200 m da LAT en tramitación e da LAT existente. O deseño proposto pola promotora debe evitar que a LAT xere afeccións sinérxicas negativas sobre o benestar da poboación estradense.

4. A promotora presenta datos incorrectos sobre as distancias da "LAT 66 kV A ESTRADA-PAIZÁS" ás poboacións da Estrada localizadas a menos de 500 m do trazado da mesma.

Para calcular as distancias entre a LAT obxecto e as poboacións estradenses, a promotora non tivo en conta a delimitación do solo de núcleo rural (SNR) designada polo PXOM de A Estrada. Senón que realizou os cálculos aos puntos da cartografía da Xunta, que non sempre están no centro dos núcleos. Por tanto, as medicións das distancias son erróneas, mostrando datos de distancias inferiores aos reais. Por exemplo, para a aldea de Penarada, a promotora sinala que se atopa a 161,7 m da LAT, mentres que na realidade sitúase a 41,6 m do límite exterior do SNR.

5. A promotora non identifica nin avalía a potencial afección sobre as captacións de auga para abastecemento humano, gandeiro e agrícola existentes.

O Estudo de Impacto Ambiental unicamente identifica 4 captacións subterráneas. Mentres que, trala consulta á información oficial (Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, EIEL de Pontevedra e Libro de Rexistro de Augas de Galicia): identifícanse un total de 75 captacións de auga situadas dentro da área de influencia de 500 m ao trazado da LAT no termo municipal de A Estrada. A promotora debe presentar un estudo de detalle da potencial afección, incluíndo traballos de campo e valoración das condicións de vulnerabilidade da veciñanza respecto do abastecemento de auga; así como garantir o abastecemento ininterrompido.

6. A instalación da LAT repercute negativamente sobre os usos actuais do terreo e provoca limitacións sobre o aproveitamento.

O proxecto provocará unha modificación do planeamento urbanístico vixente no municipio de A Estrada. As áreas proxectadas adquirirán a clasificación de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas (SRPI). Isto supón unha restrición nos usos destes terreos, o que provoca unha perda de dereitos e un aumento de deberes para as persoas propietarias.

Ademais das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre a distancia mínima a árbores e demais vexetación, deberase cumprir coa normativa galega de prevención de incendios forestais que limita a presenza de especies arbóreas (eucalipto, piñeiro, acacias) e de matogueira (tochos, fentos, breixos/urces). Así, segundo a propia información da promotora, existen plantacións afectadas de: eucaliptos entre os apoios 6-10, 56-57, 66-68; e piñeiros entre os apoios 3-4, 19, 55-56, 64-65 e 84-85. Estando tamén presentes estas especies mesturadas con frondosas como carballos no apoio 1, entre os apoios 4-6, 18-20, 22, 23, 25-28, 30-32, 41-42, 50-61, 70-71, 74-77, 85-86.

7. A promotora minimiza a afección visual sobre a Vía da Prata e non ten en conta a existencia doutra LAT que cruza esta vía histórica a escasos metros. Non se realiza un estudo da afección visual ao Camiño da Geira e dos Arrieiros.

A promotora non estuda os efectos sinérxicos e acumulativos producidos por esta nova LAT e a LAT existente (LAT 220 kV Tibo-Portodemouros), que influencian a percepción da paisaxe dos peregrinos da Vía da Prata nesta zona. Ademais, o soterramento duns metros de trazado da LAT non impide a visualización do tendido eléctrico restante. Así, non se descarta a visualización do tendido ata o apoio 80 dende o tramo do Camiño de Santiago onde se soterra a propia LAT. Respecto a outra vía histórica, o Camiño da Geira e dos Arrieiros, a promotora non avalía a afección visual sobre a mesma.

8. A promotora presenta un Estudo de Integración e Impacto Paisaxístico (EIIP) con deficiencias na metodoloxía e na análise da afección paisaxística.

O EIIP presenta unha xustificación insuficiente dos Obxectivos de Calidade Paisaxística e das Directrices da Paisaxe, incumprindo a normativa galega da paisaxe. Ademais, limita a análise paisaxística a un ámbito de 5 km, inferior aos 10 km recomendados polo MITERD. Esta delimitación provoca, entre outras carencias, que varias Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) non sexan analizadas na súa totalidade.

9. A promotora non estuda e avalía a afección paisaxística sobre os recursos turísticos.

A documentación achegada pola promotora non identifica nin avalía de forma específica a posible incidencia do proxecto sobre a actividade turística, cando nun radio de 5 km existen 24 aloxamentos turísticos (entre os máis próximos: Casa da Botica, Casa Valfresco, Pazo A Nugalla, Casa Grande Vilaboa, Casa Torres de Moreda, Casa do Outeiriño, Casa Fernández) e 20 establecementos de restauración. Na mesma liña, nas comarcas de Tabeirós – Terra de Montes e do Deza existen varias opcións para desfrutar de actividades de ocio e tempo libre, así como rutas de sendeirismo históricas (Vía da Prata, Camiño da Geira e dos Arrieiros) e rutas de ornitoloxía (lagoa Sacra de Olives nas Brañas de Xestoso), cuxo atractivo natural e agrario pode reducirse pola implantación da LAT.

10. A construción da LAT afecta directamente a varios elementos patrimoniais estradenses (mámoas, minas históricas), destacando o xacemento romano do Toxeliño. Considérase necesario reformular o deseño da LAT co obxecto de evitar a afección total aos mesmos.

A memoria técnica do equipo de arqueoloxía encargada pola promotora cualifica como impacto crítico a afección ao xacemento romano do Toxeliño e como impacto moderado a afección a: Minas de Os Teixos 1, Minas de Os Teixos 2, Dispersión Cerámica de A Cruz, Mámoa Besadilla, Mámoa da Peneda do Encanto e Mámoa de Coto da Cobra / As Meceiriñas. Debido a incidencia directa das obras, considérase imprescindible mudar a localización dos apoios ou torres eléctricas próximos a estes, así como a restantes obras auxiliares.

11. A promotora non realiza un estudo da potencial afección sobre as aves tendo en conta o uso do espazo e a proximidade á Zona Especial de Conservación (ZEC) Brañas de Xestoso (espazo Rede Natura 2000). Tampouco prevé a instalación de dispositivos salvapaxaros malia a proximidade a esta área natural protexida.

Nin o EslA nin os seus anexos identifican as especies de aves que se poidan trasladar dende esta área protexida (ZEC Brañas de Xestoso) ata a localización da LAT. A promotora tampouco planifica a colocación de dispositivos salvapaxaros pese a proximidade ao ZEC e á zona de protección de avifauna contra liñas eléctricas establecidos pola Xunta de Galicia.

12. O Plan de Vixilancia e Seguimento Ambiental (PVA) proposto pola promotora non cumpre o establecido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

O PVA da LAT non ten en conta o establecido na Resolución do 18 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. A promotora límitase a sinalar que o seguimento ambiental durante a fase de funcionamento da LAT centrarase na xestión da biomasa para a prevención de incendios. Non planifica o seguimento sobre potenciais impactos como: colisións e electrocucións de aves; aparición e xestión de cadáveres ou exemplares feridos que atraian a aves carroñeiras cara este tendido eléctrico e aumente a probabilidade de accidente (electrocución ou colisión); incorrecta xestión de residuos; presenza e propagación de especies exóticas invasoras; estado de conservación e mantemento dos dispositivos salvapaxaros (no caso de que finalmente se instalen), etc.

En virtude de todo o exposto,

(1) SOLICITA A NON CONSTRUCCIÓN das instalacións obxecto do expediente IN407A 2025/146-4 relativas á Liña eléctrica de alta tensión denominada **LAT 66 kV A Estrada-Paizás**, proxectada nos concellos de A Estrada e Silleda (Pontevedra) e promovida por UFD Distribución Electricidad, S.A.; **en base ás deficiencias da documentación presentada pola promotora e ás afeccións significativas sobre o medio ambiente. Rexéitase o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa do citado proxecto.**

(2) A/O alegante Dona/Don _____, con DNI/NIE _____, autoriza e outorga a súa representación a Dona/Don _____, con DNI/NIE _____, para presentar ante a SECCIÓN DE ENERXÍA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA o presente escrito de alegacións relativo á **FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN DENOMINADA “LAT 66 kV A ESTRADA-PAIZÁS” CON CÓDIGO DE EXPEDIENTE IN407A 2025/146-4**, así como para realizar as actuacións de presentación e rexistro directamente relacionadas con dito escrito.

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asinado pola/polo alegante: _____